

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE NOVEMBRO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernández

D. José Ángel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día vinte e nove de novembro de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora accidental Dona María Luisa Cacharrón Souto.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas o día 27/09/2012 e o 25/10/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Sinalase a necesidade de rectificar na acta da sesión de 27/09/2012 no punto 4.2.4 de contratación menor de subministro a partida presupostaria onde di 45.1G.21000 debe dicir 45.2G.21000. A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas o día 27/09/2012 e o 25/10/2012 coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PROGRAMA DE TÉCNICOS DEPORTIVOS PARA O ANO 2012

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1942 en data 21/11/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención de 7.500 € ao abeiro da convocatoria de subvencións para técnicos deportivos 2012 e que será aboada despois da xustificación polo concello do período correspondente ao ano 2012 non cuberto pola subvención do ano 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA ACTIVIDADE E INVESTIMENTO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1765 en data 30/10/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 1.310,04 €uros para actividades deportivas 2012.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA ACTIVIDADE E INVESTIMENTO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1788 en data 02/11/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 1.313,99 €uros para actividades culturais 2012

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA ACTIVIDADE E INVESTIMENTO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1864 en data 12/11/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 5.193,01 €uros para acondicionamento de vía pública.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA ACTIVIDADE E INVESTIMENTO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1866 en data 12/11/12, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 1.276,00 €uros para actividades de promoción económica 2012

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- CONVENIO DE COOPERACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS BOIMORTO-SOBRADO-MESIA PARA O FINANCIAMENTO DE CREACIÓN OU MANTEMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO.

Pola secretaria accidental dáse conta do convenio enviado pola sección de patrimonio e contratación da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1750 en data 24/10/12, no que comunica a concesión de 6.000 €uros para as retribucións dun técnico/a lingüístico/a adscrito ao Servizo Lingüístico da Agrupación Boimorto-Sobrado-Mesía na anualidade 2012
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Plans especiais, rexistro de entrada 1833 en data 08/11/2012, enviando circular 5 sobre a aprobación da 1ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos.

Financiación de proxectos de obra			
Denominación	Concello	Depu. F.P.	Total
Mellora camino en Campo da Lanza, Liñeiro y otros	0,00	78.591,04	78.591,04
Mellora camiño en Casal, Pazo, Carballido y otro	0,00	37.053,71	37.053,71

Subvención aplicada a gastos correntes: 60.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- COMUNICACIÓN DO SRVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA ADXUDICACIÓN CONTRATO TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES ALTERACIÓNS CORRESPONDENTES A BENS INMOBLES URBANOS E CONSTRUCIÓNS EN SOLO RÚSTICO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Servizo de Xestión Tributaria, rexistro de entrada 1876 en data 13/11/2012, no que comunica que por resolución da Presidencia desta Deputación adxudicouse á empresa I3Dat Ingeniería e Sistemas, S.L., con CIF B-60339579 o contrato para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica que se formalicen nos modelos 902-N, 903-N e 904-N, así como a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións, e a detección e tramitación de omisións ata a súa inclusión na Base de datos catastrais e solicítase deste Concello a máxima colaboración coa empresa adxudicataria.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ACORDO DE ALTERACIÓN DE TITULARIDADE NA BASE DE DATOS DO CATASTRO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, rexistro de entrada 1766 en data 30/10/2012, no que se acorda inscribir a nome do Concello de Boimorto a parcela número 110 do polígono catastral 4, paraxe Fros, referencia catastral 15010A004001100000KS.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE CONCESIÓN DE

PRÓRROGA PARA SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS AO RÍO AROSA

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado polo Organismo de Augas de Galicia, rexistro de entrada 1945 en data 22/11/2012, no que se acorda outorgar un prazo de TRES (3) MESES para a remisión da documentación requirida con datas 30/01/2012 e 17/09/2012 en relación co expediente de autorización de vertido de augas residuais urbanas ao río Arosa procedentes do saneamento de Arceo (T.M. Boimorto). Clave: DH.V15.13444

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS AO REGO DO SEIXO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado polo Organismo de Augas de Galicia, rexistro de entrada 1946 en data 22/11/2012, no que se acorda outorgar un prazo de TRES (3) MESES para a remisión da documentación requirida con datas 30/01/2012 e 17/09/2012 en relación co expediente de autorización de vertido de augas residuais urbanas ao río Rego do Seixo procedentes do saneamento dos núcleos de A Carreira - Vilanova - Boimil (T.M. Boimorto). Clave: DH.V15.18402

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.12.- ESCRITO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS POR INFILTRACIÓN NO TERREO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado polo Organismo de Augas de Galicia, rexistro de entrada 1947 en data 22/11/2012, no que se acorda outorgar un prazo de TRES (3) MESES para a remisión da documentación requirida con datas 30/01/2012 e 17/09/2012 en relación co expediente de autorización de vertido de augas residuais depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Tambre) procedentes da E.D.A.R de Brates - San Pedro (T.M. Boimorto). Clave: DH.V15.29888

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.13.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS REQUERINDO SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado polo Servizo de Avaliación Ambiental, rexistro de entrada 1828 en data 07/11/2012, no que se require a subsanación de documentación en relación coa modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Clave: 2012AAE1452

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan dar traslado do presente escrito ao servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello para que preparen a documentación requirida e remiti-la á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

2.1.14.- ESCRITO DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL, SECRETARÍA XERAL TÉCNICA, CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR EN RELACIÓN COA INSPECCIÓN PRACTICADA NOS CENTROS MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DIA DE BOIMORTO

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado polo Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social, rexistro de entrada 1782 en data 21/10/2012, no que comunica o resultado da inspección practicada nos centros Miniresidencia e Centro de Día de Boimorto, o 17 de outubro de 2012, detectándose unha serie de incumprimentos dos requisitos previstos na normativa vixente en materia de centros prestadores de servizos sociais e requírese a este Concello para que, no prazo dun mes, se proceda a levar a cabo as actuacións oportunas e se acredite documentalmente a súa corrección ante o Servizo de Inspección.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que se realicen as actuacións oportunas en base ao citado requerimento.

2.1.15.- DACIÓN DA DENUNCIA REALIZADA POLOS FUNCIONARIOS PERTENCENTES Á SECCIÓN DE INVESTIGACIÓN DA UNIDADE DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA ADSCRITA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CONTRA D. RAMÓN BLANCO LABANDEIRA

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada 1890 en data 16/11/2012, onde se achega denuncia realizada polos funcionarios pertencentes á Sección Operativa de Investigación da Unidade do Corpo Nacional de Policía contra D. Ramón Blanco Labandeira, propietario do taller mecánico, sito nun baixo na parte traseira da rúa Campo do Rosario nº 6, por carecer no mometo da inspección da licenza municipal.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIONES

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1. LICENZAS

3.1.1.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DON ALFONSO RICO VERA.

Examinado o expediente promovido por D. Alfonso Rico Vereá en representación da empresa Autos Rico, S.L., en virtude da instancia número 1483 de data 17 de setembro de 2012, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de garaxe aparcamento no lugar de Vista Alegre, parroquia de Boimil, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental segundo Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 191 do /05/10/2012 e no DOG núm. 189 do 03/10/2012 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por D. Ángel Delgado Cid de datas 18 de setembro de 2012 e o 28 de novembro de 2012 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando, que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 09/01/2012 asinado por D. Fernando Delgado Juega non estando en contradicción co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por D. Alfonso Rico Vereza en representación da empresa Autos Rico, S.L., en virtude da instancia número 1483 de 17 de setembro de 2012, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de garaxe aparcamento a situar en Vista Alegre, parroquia de Boimil, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

3.1.2.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA TALLER DE REPARACIÓN E VENDA DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL DE LA FUENTE SÁNCHEZ.

Visto o escrito número 1.760 de data 29/10/2012 no que por D. José Manuel de la Fuente Sánchez solicítase visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade de taller de reparación e venda de maquinaria agrícola en Corredoiras, parroquia de Ánxeles, e se conceda a licenza regulamentaria para o exercicio legal da actividade mencionada.

Visto informe técnico emitido por D. Ángel Delgado Cid tras a visita de comprobación realizada o día 28/11/2012 para o outorgamento de licenza definitiva de actividade, no que se acredita que a actividade axústase ao proxecto presentado e que se adoptaron as medidas correctoras sinaladas na autorización provisional outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 26/07/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. José Manuel de la Fuente Sánchez licenza definitiva de actividade de taller de reparación e venda de maquinaria agrícola sita no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Facer constar que a liquidación aprobada no acordo de concesión de licenza provisional da actividade por importe de 1.279,85 €uros foi abonada polo interesado en data 26/09/2012..

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado e indicarlle que debe pasar polas oficinas municipais a retirar a licenza definitiva, xa que tal documento acreditaralle o dereito a exercer a referida actividade.

3.1.3.- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NA LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE OUTORGADA A JOSÉ ÁNGEL GAREA E HIJOS, S.C. NA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27/09/2012

Pola secretaria accidental infórmase que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de setembro de 2012, no que se acorda outorgar licenza provisional de actividade a José Ángel Garea e Hijos, S.C proxecto de “Ampliación de explotación de vacuno de leite en Algalia, Dorméa (Boimorto)” na finca nº 226 polígono 508 pertencente á parroquia de Dorméa; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade Colexiado nº 1430 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20120159, falta por incluír a aprobación de taxa por licenza de apertura do establecemento.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 2.256,35 m²

Tipo de solo: solo rústico.

Tarifa: 1,00 Euros/m²

Cota a ingresar: **2.256,35 Euros.**

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.4.- ACLARACIÓN SOBRE A LICENZA DE CAMBIO DE USO DE BAIXO COMERCIAL AO USO DE OFICINAS E SERVIZOS PROFESIONAIS CATEGORÍA II EN PRAZA GÁNDARA Nº 10 BAIXO DEREITA DE BOIMORTO, OUTORGADA A DÑA. NATALIA VÁZQUEZ RODRÍGUEZ ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS, S.L. EN SESIÓN DE DATA 30/03/2012

Pola secretaria accidental infórmase que en relación coa licenza de cambio de uso outorgada a Dña. Natalia Vázquez Rodríguez actuando en representación da sociedade O Espertar Servicios Sociais, S.L en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 30/03/2012 non se practicou a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecemento ao non existir variación na superficie con respecto á licenza anterior outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.02.2004 na que se lle practicou unha liquidación de 80,63 Euros e que foi aboada con data 06/03/2004 nas arcas municipais, en base ao disposto no artigo 6 3º) da Ordenanza Fiscal nº. 5, reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Deixar constancia do presente acordo no expediente para acreditar cales foron os motivos por que non se practicou a liquidación de apertura de establecemento.

3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 14/2012

Pola secretaria accidental dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1830, con data 08/11/2012, presentada por D. Miguel Aguión Bouazas, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Canto do Balo número 7, Arceo, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria accidental que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Miguel Aguión Bouzas, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.2.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA MANUEL CASAL ESPÍÑEIRA) 2/2012.

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 1.944 en data 22/11/2012 por D. Manuel Casal Espiñeira con DNI 76510265Y con grao de minusvalía do 78% , visto informe da Asistente Social de data 29/11/2012, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade,

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. Manuel Casal Espiñeira con DNI 76510265Y con grao de minusvalía do 78%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €.**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Adivirte a secretaria accidental que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidad e sancionador oportuno.

4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 33/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DE TELLA VELLA POR UNHA NOVA NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE QUINTÁS, 9 PARROQUIA DE ÁNXELES TRAMITADO A INSTANCIA DE D. VICTORIO ARES ENJAMIO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Victorio Ares Enjamio, con DNI núm. 33132628R, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Quintás, 9 parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1.785 de data 31/10/2012 para a substitución da tella vella por unha nova na vivenda sita no número 9 do lugar de Quintás, Ánxeles, (solo rústico de protección agropecuaria) segundo presuposto, plano de situación e fotografías.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 21/11/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de rústico de protección agropecuaria.

Tramitado polo interesado solicitude de autorización do Organismo de Augas de Galicia (expediente DH.W15.40231) e incorporado ao expediente a resolución de data 26 de outubro de 2012, no que autoriza as obras indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Victorio Ares Enjamio, con DNI núm. 33132628R (LO 33/2012) para a substitución da tella vella por unha nova na vivenda sita no número 9 do lugar de Quintás, Ánxeles (solo rústico de protección agropecuaria) segundo presuposto plano de situación e fotografías.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada ós condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente.

- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **3.560,00 €uros.**

Liquidación 2%: **71,20 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 34/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA E COLOCACIÓN DE CANOS E BAIXANTES NA VIVENDA SITA NA RÚA ESTRADA DE LANZÁ Nº 20 (BOIMORTO), TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL SÁNCHEZ VEREA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Sánchez Vereá, con DNI núm. 33133357V, e con domicilio para os efectos de notificación no número 20 da rúa Estrada de Lanzá do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1.161 de data 20/07/2012 para a substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita R/ Estrada de Lanzá núm. 20, Boimorto, (solo urbano) segundo memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 21/11/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1982.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Sánchez Vereá, con DNI núm. 33133357V (LO 34/2012) para a substitución do

material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en R/ Estrada de Lanza núm. 20, Boimorto (solo urbano) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **5.959,20 Euros**.

Liquidación 2%: **119,18 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- SOLICITUDE DESESTIMIENTO EXECUCIÓN DA OBRA (LO 50/2011)

Visto o escrito presentado por D. Rogelio Sueiro Carro en representación de Ganadería Ponte Boado, S.L. con rexistro de entrada número 1.956 en data 23/11/2012, en relación co desestimento á execución da obra (LO 50/2011) para modificado do proxecto de estabulación de vacas de leite e anexos no lugar de Ponte Boado, parroquia de Arceo (Boimorto), que corresponde a licenza de obra maior (LO 30/2010).

Tendo en conta o acordo adoptado por Decreto da Alcaldía número 371/2012 de data 21/11/2012, no que se acepta o desestimento da licenza (LO 30/2010)

Visto o artigo 87 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do desestimento presentado por D. Rogelio Sueiro Carro en representación de Ganadería Ponte Boado, S.L., en relación coa execución da obra para modificado do proxecto de estabulación de vacas de leite e anexos en Ponte Boado, parroqui de Arceo (Boimorto) con licenza (LO 50/2011)

SEGUNDO.- Entender por finalizado o procedemento e polo tanto anular o dereito recoñecido pendente de cobro por importe de 1.873,74 €.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado así como os servizos contabeis aos efectos oportunos.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:


Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets 22/11/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña asinar certificación de obra do Plan Ágora	3,40 €
Tickets 10/11/12		Peaxe viaxe á Coruña entregar documentación na Deputación o día 10/11/12	3,40 €
Tickets 08/11/12 □		Peaxe viaxe á Coruña levar un usuario da miniresidencia a consulta médica	3,40 €
Tickets	Metropark	Aparcadoiro levar un usuario	

01/10/12	Aparcamientos S.A. U-83458570	da miniresidenica a consulta no hospital en Santiago	6,30 €
05/10/12		Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta	1,45 €
09/11/12		no hospital en Santiago Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta	5,00 €
15/11/12		no hospital de Santiago Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta no hospital de Santiago	1,90 €
Ticket 01/11/12	22 - López Río J70205406	Material médico para a miniresidencia	8,90 €
150112FC0014061- 15/11/12	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obligatoria do autobús matrícula 5002HHB	58,20 €
4/12-27/11/12	María del Carmen Rey Seoane / 33289037X	Arranxos colchas da miniresidencia	250,47 €
1-11041743-26/10/12	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección de nóminas e seguros sociais mes de outubro 2012	677,12 €
1-11042201-28/11/12		Confección de nóminas e seguros sociais mes de novembro 2012	665,02 €
255-19/11/12	Mercartabria, S.L. Unipersonal / B15535552	Compra de dous ambientadores para a miniresidencia	11,08 €
Liquidación Núm. Fixo 2012/13527	Deputación Provincial da Coruña	Taxa publicación anuncio urxente aprobación definitiva expedientes modificación de créditos	156,47 €
120012-22/07/12	Farmacia María José Vázquez Freire / 33277749S	Material médico para a miniresidencia adquirido no período 05/06/12-21/06/12	62,90 €
120013-22/07/12		Material médico para a miniresidencia adquirido no período 03/07/12-17/07/12	81,25 €
120073-12/09/12		Material médico para a miniresidencia adquirido no período 10/08/12-23/08/12	93,51 €
120082-02/10/12		Material médico para a miniresidencia adquirido no período 14/09/12-24/09/12	110,32 €
120150-16/11/12		Material médico para a miniresidenica adquirido no período 29/09/12-29/10/12	85,90 €
405-25/10/12	Hermanos Vázquez, S.L. / B15643315	Dúas rodas para o coche de protección civil e montar e desmontar dúas rodas camión recollida de lixo	265,40 €
001280-31/08/12	Beatriz Marzoa Rivas 79320953W	Inscripción permuta finca de Brates	60,29 €
001944-29/11/12		Inscripción compra de finca de	

		Rodieiros	161,54 €
6650000277-31/10/12 □	Geriatría Siglo XXI, S.L.U. / B61523551	Prestación servizo comidas centro residencial e comidas externas período 01/10/12- 31/10/12	1.072,59 €
5-30/09/12	Mercedes Seijas Barreiro 76517970Y	Servizo de perruquería na miniresidencia setembro/12	44,96 €
6-31/10/12		Servizo de perruquería na miniresidencia outubro/12	47,96 €
17-26/10/12	Ángeles Iñiguez Casal 76517968G	Subministro de pan para o magosto 2012	36,00 €
Recibo: 433375885- 30/10/12	Mapfre Familiar, S.A. / A28141935	Seguro do tractor período de vixencia 29-10-12/29-10-13	116,84 €
002265-15/11/12	Control de Plagas Andrade SL/B15989692	Coba bimensual polos servizos de desinfección, desinsectación e desratización miniresidencia e centro de día mes novembro 2012	108,90 €
002274-15/11/12		Cota bimensual polos servizos de desinsectación e desratización □colexio, casa de cultura, centro de saúde e casa consistorial novembro 2012	356,41 €
0101-1200966- 31/08/12	COGAMI, Reciclado de Galicia, S.L. / B- 15467962	Recollida de residuos do 01/08/12 ao 31/08/12	90,72 €
0101-1201081- 30/09/12		Recollida de residuos do 01/09/12 ao 30/09/12	92,40 €
0101-1201204- 31/10/12		Recollida de residuos do 01/10/12 ao 31/10/12	92,40 €
19/01-16/11/12	Iulius XIII, S.A. / A70257357	Actuación o día 16/11/12 na casa de cultura. Rede cultural Deputación 2012	960,00 €
17-09/11/12	Benxamín Fernández Penedo / 76409019Y	Actuación rede cultural Deputación 2012	500,00 €
F12/05540-19/11/12	Arzuagas, S.C. / J- 15927882	Subministro de dúas cargas de butano e tres cargas de propano para a miniresidencia	233,01 €
F12/05516-29/10/12 □		Subministro de tres cargas de propano para a miniresidencia	201,00 €
C 86.135-31/10/12	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Material de mantemento vehículos municipais	613,64 €
5/01209195-25/10/12	NEA F3 Iberica, S.L.U. B-15361348	Mantemento fotocopiadora servizos sociais K-7022 período 21/09/12-19/10/12	16,87 €
5/01209196-25/10/12		Mantemento fotocopiadora oficinas municipais BH C353 período 19/09/12-19/10/12	406,06 €
5/01210061-25/11/12		Mantemento fotocopiadora oficinas municipais BH C353 período 19/10/12-19/11/12	242,47 €
405-02/11/12	José Luis Seijo Dans / 32372669P	Ambientador para a miniresidencia e centro de día	37,51 €

06-09/11/12	José Miguel García Liñeira / 78788433R	Material peche recinto Festival de la Luz	3.794,32 €
GS1201044-05/11/12	Inturasa Pérez Rumbao, S.A. / A-36122174	Servizo de mantemento do microbús	226,83 €
116-29/11/12	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Dúas botellas limpador para o autobús	2,90 €
117-29/11/12		Material de mantemento	192,14 €
118-29/11/12		Material de mantemento	15,97 €
119-29/11/12		Material servizo de augas	6,41 €
120-29/11/12		Material reparación alumeadado público	16,34 €
121-29/11/12□		Dúas lámpadas proxectores da telleira de Boimil	19,24 €
121191-29/10/12	Farmacia Saavedra Robledo / 33269647D	Material médico para a miniresidencia e centro de día	24,00 €
1603-28/09/12	Técnicas Dylpa, S.L. B-47474929	2,5 m3 de madeira para estacas sinalización zona para Festival de la Luz	544,50 €
B 1067-31/10/12□	Jobegosum S.L. / B70058268	Material médico para miniresidencia e centro de día	201,52 €
005 2012-31/10/12	O Espertar Servizos Sociais SL / B70253042	Prestación servizos DUE na miniresidencia e centro de día mes de outubro 2012	1.700,00 €
A/6007-20/11/12	De Pablo Electrodomésticos, S.L.□ B27332923	Motor aspirador	35,33 €
203-532/12 F-23/11/12	Aquagest, S.A.U./A28220606	Control calidade auga do abastecemento municipal outubro 2012	485,10 €
950887369-31/10/12	Kone Elevadores, S.A. A-28791069	Servizo de mantemento do ascensor do colexio público de Boimorto mes outubro 2012	232,25 €
T-1025-31/10/12	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro de xelo para o magosto 2012	24,00 €
D-1195-17/11/12		Subministro de gasóleo calefacción centro maiores	920,00 €
D-1194-17/11/12		Subministro de gasóleo de calefacción miniresidencia	2.277,92 €
D-1196-17/11/12		Subministro de gasóleo calefacción centro de saúde	
D-1197-17/11/12		Subministro de gasóleo calefacción casa consistorial	920,00 € 1.402,08 €
836-31/10/12		Gasolina para cortacésped e gasóleo automoción para a furgoneta de servizos sociais	
D-1132-07/11/12		Gasóleo automoción	202,00 €
D-1133-07/11/12		Gasóleo calefacción casa consistorial	2.201,00 €
D-1056-16/10/12		Gasóleo automoción	186,00 €
2012/2633-31/10/12	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A-15379803	Tratamento residuos urbanos mes de outubro 2012	2.977,39 €

Recibo 20/11/12	Generali Seguros A28007268	Seguro do microbús período de vixencia: 17-11-12 a 17-11- 13	1.307,64 €
50/2012-22/09/12	Servicios Agrícolas y Forestales Avelino, S.L. B-15907033	Desbroce de vías públicas	1.548,80 €
89/12-27/11/12 □	Cerne Ingeniería, S.A. A15056468	Servizo de asistencia técnico- urbanística mes de novembro 2012	2.420,00 €
49-23/10/12	Maria Teresa López Alonso 76624257X	Servizo de podoloxía na miniresidencia e centro de día servizos externos mes de outubro 2012	210,00 €
0000139-01/11/12 □	TDS Consultores, S.L. B-47207634	Mantenemento aplicación Geriges mes de novembro 2012	95,59 €
4001016892-31/10/12 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA- 83052407	Franqueo pagado mes de outubro 2012	348,67 €
167.662-20/11/12 696.047-02/11/12 696.685-02/11/12 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Reparación ascensor casa consistorial Mantemento ascensor casa consistorial mes novembro/12 Mantemento ascensor Centro Residencial mes novembro/12	68,05 € 319,63 € 319,90 €
Relación de data 13/11/2012. Rexistro de entrada nº 1869	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeadado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	6846,52 € 793,14 €
03120910224945- 20/09/12 03120910217011- 20/09/12 03120910217010- 20/09/12 03120910230222- 20-09-12 03120910215393- 20-09-12 03120910235603- 20-09-12 03120910241794- 21-09-12 Rexistro de entrada 1868 Data: 13/11/12	Unión Fenosa Comercial, S.L. B82207275	Recibo de subministro de luz ao campo de fútbol período 13-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz ao polideportivo período 10-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz ao colexio período 10-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz piscina municipal período 13-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz miniresidencia e centro de día período 10-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz alumeadado da Gándara período 03-08-12/13-09-12 Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 13-08-12/13-09-12	714,16 € 243,17 € 610,13 € 915,23 € 1.904,69 € 883,20 € 4.477,53 €
28-K282-165862 01/11/12	Telefónica Móviles España, S.A. A-	Recibo teléfonos móbiles período 18/09/12 a 17/10/12	304,56 €

	78923725			
TA4660495101	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	45,50 €	
TA4660495100		Recibo teléfono xulgado de paz	24,26 €	
TA4660516339		Recibo teléfono ascensor concello	20,10 €	
TA4660507495		Recibo teléfono oficinas Concello	385,35 €	
TA4660514323		Recibo teléfono baixo concello	70,44 €	
TA4660495103		Recibo teléfono PAI	29,83 €	
TA4660507156		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	16,91 €	
TA4660516871		Recibo teléfono miniresidencia	131,50 €	
TA4660509996		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	91,93 €	
TA4660508695				0,16 €
19/11/12				
60K2RR003681				- 211,30 €
20/11/12				
TE48Y0003720			- 28,98 €	
22/11/12				

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/11/2012

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- EMILIA ENJAMIO RODRÍGUEZ - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurreren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- SALUSTIANA SÁNCHEZ VIGO - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade

- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de podoloxía a Emilia Enjamio Rodríguez e no servizo de fisioterapia a Salustiana Sánchez Vigo.

SEGUNDO.- Notificar ás beneficiarias deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro do 2012. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendidas polo servizo de podoloxía e fisioterapia respectivamente.

5.3.- ESCRITO DE D. JAIME FELPETE ANDRADE, SOLICITANDO A BONIFICACIÓN DO 100% NO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Pola secretaria accidental dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Jaime Felpete Andrade, con DNI nº 76474102E, e con domicilio para os efectos de notificación no número 14 do lugar de Froxá, pertencente á parroquia de Buazo, solicitude con entrada no concello nº 1831 con data 08/11/2012, na que solicita a bonificación do 100% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo matrícula M-9549-FU, marca Renault-9 GTD. Vista a ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica artigo nº 9

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Reconocer, con efectos desde o 01.01.2013, a Jaime Felpete Andrade como titular do vehículo matrícula M-9549-FU o dereito da bonificación solicitada.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado co réxime de recursos e déase traslado do seu contido ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña.

5.4.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 3908 m³ (menos 3654 m³ da lectura do trimestre anterior = **254 m³**) e nº 07SE117232 = 1022 m³ (menos 950 m³ da lectura do trimestre anterior = **72 m³**) TOTAL: 326 m³, realizada polo encargado de obras e servizos de urbanismo deste Concello, D. Luis González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 326 m³ x 0,21 euros = 68,46 € + 6,85 (IVE do 10%) = 75,31 €.

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.5.- ESCRITO DE D. JOSE ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA

"SOTERRAMENTO DE L.B.T. NO ÁMBITO DO C.P.I. ARMANDO COTARELO VALLEDOR)"

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 1941 con data 21/11/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polas seguintes obras:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Soterramento de L.B.T no ámbito do C.P.I. Armando Cotarelo Valledor	2.942,48 €	08/11/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 27/11/2012 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, en aval bancario, xa que ditas obras atopanse en perfecto estado de conservación e funcionamento.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.6.- ESCRITO DE DNA. MARIA VEIGA MEJUTO SOLICITANDO DEVOLUCIÓN DE CANTIDADE.

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito de Dna. María Veiga Mejuto, veciña de Boimorto e con domicilio na Travesía Casal de Munín núm. 6 do núcleo de Boimorto, no que solicita a devolución da cantidade por importe de 872,00 Euros, en relación á fianza depositada con motivo da licenza de obra con número 28/2008.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega, xeógrafo-urbanista, con data 28/11/2012, no que se acredita que se executou a urbanización á que se condicionaba a licenza, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo aos servizos de secretaría intervención aos efectos de tramitación da devolución e notificar este acordo á interesada.

5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión á pista de xeo instalada na Alameda de Santiago de Compostela redactadas en data 27/11/2012 polo animador deportivo e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO DA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a excursión á pista de xeo instalada na Alameda de Santiago de Compostela; o día 12 de xaneiro de 2012.

Os participantes deberán levar luvas (mellor se son de neve) para protexer ás mans nas posibles caídas.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 10:00 h do Campo do Rosario (colexio).

O prazo de inscrición remata o venres día 4 de xaneiro e en caso de non acadar xente. Os nenos/as menores de 7 anos deberán ir acompañados por un adulto.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 13 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o aluguer dos patíns e o uso da pista durante 2 horas; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 27 de novembro de 2012

O animador deportivo

Asdo.- César Buján Barral

_____ A animadora sociocultural

_____ Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

Considerando que a Xunta de goberno local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade deportiva e cultural no Concello de Boimorto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a excursión á pista de xeo da Alameda de Santiago de Compostela redactadas en data 27/11/2012 polo animador deportivo e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 13 €.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.8 .-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO PARA A COMIDA/BUFFET NO CERTAME DO CANTAR DE REIS 2013.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo do IX Certame de Cantar de Reis 2013, redactadas o 15/11/2012 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<< BASES QUE REXERÁN O IX CERTAME DE CANTARES DE REIS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Cumprido o obxectivo de chamar a atención sobre a tradición dos Cantares de Reis, consolidada a xuntanza anual arredor dun Certame en modalidade de competición con premios e cun novo criterio extraído do ambiente e conversas dos dous últimos Certames, o Concello de Boimorto fai a seguinte Convocatoria do IX Certame de Cantares de Reis que terá lugar o sábado 29 de decembro de 2012, baixo as seguintes bases:

1. Concepto

O Certame é unha mostra onde o bo facer de cada un, a harmonía e o empeño común de manter viva a nosa tradición será o agasallo e mellor premio.

O Concello de Boimorto pretende que, co tempo, este certame sexa a casa común dos que tentamos manter viva e legar ós nosos descendentes unha tradición tan nosa e tan profundamente arraigada.

2. Participantes

Poderán participar cuadrillas de nenos/as, mozos/as ou vellos/as que se inscriban no Concello de Boimorto antes do día 21 de decembro de 2012. A solicitude da inscrición deberá estar a nome dunha persoa maior de idade.

Enderezo:

Concello de Boimorto, R/ Vilanova 1, Boimorto.
15817 A Coruña
Teléfono: 981.516.020
Fax: 981.516.045

cultura@boimorto.es, silvia.cea@boimorto.es

3.Cea/ Buffet de irmandade/ Obrigados ao pagamento

Ó remate da mostra procederáse a unha cea/buffet colectivo de irmandade das cuadrillas e os asistentes ao certame.

Todas aquelas persoas, a maiores dos integrantes das cuadrillas, que estean interesadas en participar na cea/buffet deberán aboar a cantidade correspondente por esta cea.

4.Contía

O prezo da cea de fraternidade e de 3 euros por persoa, que consistirá nunha cea tipo buffet; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

5.Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao pasar a zona onde se servirá a cea/buffet.

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores que acudan a actividade aceptan que están conformes con estas bases de prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

6.Desenvolvemento do Certame

Ás 16:30h. dará comezo o IX Certame onde cada cuadrilla participante deberá interpretar un cantar de reis, unha manuela ou un aninovo, cunha duración non superior a cinco minutos. A orde de intervención das cuadrillas será consensuada coas mesmas.

Boimorto 15 de novembro de 2012

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea >>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade de comida/buffet do IX Certame de Cantares de Reis, redactadas pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo o prezo público pola comida/buffet o día 29/12/2012 en: 3 euros/participante.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 319, 333, 335, 346, 353, 369, 386 e 388 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:15 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria accidental que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA ACCDTAL,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez